2.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España, S.A.UTE, CIF G 83643338, por un importe total de 76.182,46 €, en concepto de prestación do servizo de vixilancia do Verbum durante o período 01/07/2009-31/12/2009 e o servizo de transporte de fondos e subministro de billetes con cargo ao RC 56536; e un importe de 6.046,23 € en concepto de prestación do servizo de mantemento das instalacións de seguridade do Verbum con cargo á Partida 4514.213.00.00 “Mantemento maquinaria”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España, S.A. UTE, con CIF G 83643338, as facturas 3607L418007, 3608L418008, 3609L418009, 3610L418010, 3611L418011, 3612L418012 e 3612L418014 por un importe total de 76.182,46 € (setenta e seis mil cento oitenta e dous euros con corenta e seis céntimos), con cargo ao RC 56536 e tamén a factura nº 3612L418013 por un importe de 6.046,23 € (seis mil corenta e seis euros con vinte e tres céntimos)a favor de Securitas Seguridad España S.A, UTE con CIF: G 83643338 que deben ser imputados a Partida 4514.213.00.00 “Mantemento maquinaria”.

**30(1997).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE SAMYL, S.L. , POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 1158/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.12.09, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 16.12.09, conformado polo concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Convalidar o gasto que figura nas facturas A 1213, A 1396, A 1573, A 1681, A 1969 e A 2051 que se achegan ao expediente, por un importe total de 41.880 € (corenta e un mil oitocentos oitenta euros), a favor de Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) con CIF: B 47037577 que deben ser imputados ao RC número 56535 da Partida 4514.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

2.- Recoñecer a obriga a favor da SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, por un importe total de 41.880 €, en concepto de prestación do servizo de limpeza do Verbum durante o período 01/07/2009 ao 31/12/2009, con cargo ao RC número 56535 da Partida 4514.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

3.- Pagar a SAMYL, S.L., CIF: B 4703757, as facturas A 1213, A 1396, A 1573, A 1681, A 1969 e A 2051, por un importe total de 41880 €, con cargo ao RC número 56535 da Partida 4514.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

**31(1998).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE SERVICIOS SECÚRITAS, S.A. , POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 1160/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.12.09, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 11.12.09, conformado polo concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 2611V410270 e 2612V410286 que se achegan ao expediente, por un importe total de 16.970,84 € (dezaseis mil novecentos setenta euros con oitenta e catro céntimos), a favor de Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados ao RC número 6944 da Partida 4510.227.06.14 “Servicios de Atención ao público en dependencias culturais”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 16.970,84 € ,en concepto de prestación do servizo de atención ao público e coordinación de actividades do Verbum durante o período 15/11/2009-31/12/2009 con cargo ao RC número 6944 da Partida 4510.227.06.14 “Servicios de Atención ao público en dependencias culturais”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, as facturas 2611V410270 e 2612V410286 por un importe total de 16.970,84 € (dezaseis mil novecentos setenta euros con oitenta e catro céntimos), con cargo ao RC número 6944 da Partida 4510.227.06.14 “Servicios de Atención ao público en dependencias culturais”.

**32(1999).- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A JOSÉ ODILO NIETO LORENZO POR IMPORTE 12.000 € POR MOR DO PASO DE VEHÍCULOS PESADOS Á RÚA FERREIRÓS, 4. EXPTE. 60369/250.**



Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Con data de entrada no Rexistro Xeral de 10/12/2009 José Odilo Nieto Lorenzo . con C.I.F. 35972501H solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 08/07/2009 número de operación 2009000039366 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 12.000 €, motivado polo paso de vehículos pesados á rúa Ferreiros, 4.*

*No informe de inspección de data 18/12/2009, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución da fianza de 12.000 € (doce mil euros), a favor de José Odilo Nieto Lorenzo .*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(2000).- MODIFICACIÓN CONTRATO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTRAS VIARIAS. EXPTE. 54351/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 4.12.09, o informe de fiscalización do 18.12.09, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 2.12.09, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais e a concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Con data 7 de outubro de 2009 o Xefe da Área de Servizos Xerais emite un informe sobre a necesidade de incrementar o importe da segunda anualidade do contrato de eadianta-la prórroga do contrato de "Acondicionamento, mantemento e conservación das infraestructuras viarias. ", adxudicado pola Xunta de Goberno Local con data 7 de xullo de 2008 á UTE Movexvial, S.A. Gruporaga, S.A. por un período de dous anos, por un importe de 2.750.000 euros, finalizando o mesmo en xullo de 2010. o contrato foi asinado entre as partes con data 18 de xullo de 2008.*

*En dito informe indícase o importe do gasto medio mensual real do contrato que é de 180.684,51 co que o importe do mesmo non chegaría para cubrir máis que 15 meses de taballos das brigadas ó servizo do memso, indicándose que o saldo pendente de consumir do contrato paro a segunda anualidade do mesmo non acadará máis alá do mes de outubro 2009.*

*O elevado número de queixas dos cidadáns e a forte demanda social sobre a necesidade de acometer as reparacións das beirarrúas e calzadas da cidade, poñen de manifesto a necesidade de dispoñer dunha financiación adicional do contrato ata a data de finalización do mesmo ( 18 de xullo de 2010 ) de 875.000.000 euros, importe que iría con cargo a segunda anualidade e os orzamentos do 2010.*

*A partida presupostaria que daría cobertura a este gasto sería a : 5110.210.0000*

*A empresa titular do contrato que cuia anualidade se pretende ampliar dá a súa conformidade á ampliación da segunda anualidade, obrando dito escrito de conformidade no expediente.*

*Previamente a somete-lo expediente á consideración da Xunta de goberno, o mesmo deberá ser informado pola Asesoría Xeral e fiscalizado pola Intervención Xeral.*

*A vista dos documentos que obran no expediente, este servizo de Vías e Obras, faille á Comisión de Goberno Municipal a seguinte proposta:*

**PROPOSTA :**

*1º.- Ampliar a segunda anualidade do contrato de “ Acondicionamento, mantemento e conservación das infraestructuras viarias. ” á UTE Movexvial, S.A. Gruporaga, S.A. prevista para o período xullo 2009 - xullo 2010 , en 805.000.000 euros, nas mesmas condicións que figuran no contrato actual. Con esta ampliación o importe total do contrato ascendería o importe de 3.555.000 euros. ,*

*2º.- Financia-lo contrato con cargo a partida 5110.210.00.00 “ conservación e mantemento de viais públicos ” do presuposto do servizo de Vías e Obras con cargo ao exercicio 2010 por un importe de 805.000 euros*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**34(2001).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO “SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2010”. EXPTE. 2974/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuaicóns do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 16.12.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa La Fiesta Escénica S.L. o procedemento negociado con publicidade do “Servizo de deseño e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2010” (expediente 2974/335) por un prezo total de 47.560 euros IVE incluído. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o prego técnico aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-10-2009 e a oferta presentada.

**35(2002).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES REGULADORAS DO I PREMIO J. PACHECO DE ENSAIO FOTOGRÁFICO. EXPTE. 208/338.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 29.12.09, conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Modificar a redacción da “Base Décima.- Publicidade” das bases reguladoras do I Premio J. Pacheco de Ensaio Fotográfico, aprobadas pola X.Goberno local de data 21.12.09, do xeito seguinte:

A presente convocatoria coas bases reguladoras do I Premio J. Pacheco serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno local.

A convocatoria e as Bases Reguladoras do I Premio J. Pacheco de ensaio Fotográfico serán publicadas na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2º.- Deberá entenderse que a denominación correcta do premio será: I Premio J. Pacheco de Ensaio Fotográfico.

**36(2003).- VALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE SECURITAS S.A. POLO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIIS. EXPTE. 11981/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.12.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultural, do 21.12.09, conformado polo concelleiro da Área de cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar o gasto que figura nas facturas 2611V410272 e 2612V410297 que se achegan no expediente, por un importe total de 6.277,13 €, a favor de Servicios Securitas S.A. con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 4510.227.06.14 “Servicios de Atención ao público en dependencias culturais”.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Secúritas S.A. con CIF: A 28986800, por un importe total de 6.277,13 €, en concepto de prestación do servizo de atención ao público en

dependencias culturais durante o período 15.11.2009-15.12.2009 con cargo á partida 4510.227.06.14 “Servicios de Atención ao público en dependencias culturais”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Secúritas S.A. CIF: A 28986800, as facturas 2611V410272 e 2612V410297 que se achegan ao expediente, por un importe total de 6.277,13 €, con cargo á partida 4510.227.06.14 “Servicios de Atención ao público en dependencias culturais”.

**37(2004).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO, SOBRE DESPIDO DE D. JOSÉ ANTONIO MUIÑOS ACUÑA, D<sup>a</sup>. SUSANA GONZÁLEZ TORRES, D. JUAN FRANCISO MARTÍN MARTÍNEZ E D<sup>a</sup> ANA M<sup>a</sup> MOURIZ MARTÍNEZ. EXPTE. 19585/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión do 23.12.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*En data 25 de setembro de 2008, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza no recurso de suplicación 3160/08, interposto por D. José Antonio Muiños Acuña, D<sup>a</sup> Susana González Torres, D. Juan Francisco Martín Martínez e D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Mouriz Martínez e polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo de 31 de abril de 2008, estimatoria da demanda.*

*Na sentenza dictada en suplicación o TSXG desestima o recurso de suplicación interposto pola representación procesal do Concello de Vigo, contra a sentenza de data 30 de abril de 2008 dictada polo xulgado do Social nº 2 de Vigo en proceso de despido, confirmando integramente e en todos os seus pronunciamentos dita sentenza, na que se falla literalmente que:*

*"Que estimando la demanda interpuesta por Don José Antonio Muiños Acuña, Doña Susana González Torres, Don Juan Francisco Martín Martínez y Doña Ana María Mouriz Martínez, debo declarar y declaro despido improcedente la terminación de sus contratos en fecha 31 de diciembre de 2007 por parte del AYUNTAMIENTO DE VIGO, al que condeno a que en el plazo de cinco días desde la notificación de esta resolución opte entre la readmisión de los demandantes o les abone la indemnización que a continuación se detalla; la opción se deberá ejercitar mediante escrito o comparecencia ante la Secretaría de este Juzgado en el plazo indicado y sin esperar a la firmeza de la presente sentencia, advirtiéndole a las partes que en caso de no optar en el plazo y forma expresados se entenderá que procede la readmisión. En cualquier caso, el AYUNTAMIENTO DE VIGO deberá abonar a cada una de las partes los salarios de tramitación devengados desde la fecha del despido hasta la notificación de esta resolución. Las indemnizaciones por despido improcedente se elevan a:*

- 1.- Don José Antonio Muiños Acuña, 9.422,25 €
- 2.- Doña Susana González Torres, 19.525,53 €
- 3.- Don Juan Francisco Martín Martínez, 9.422,25 €

4.- Doña Ana María Mouriz Martínez, 20.268,23 €”

*Optando o Concello polo abono dos salarios deixados de percibir e a correspondente indemnización.*

*Asímesmo, pola representación legal Concello interpúxose recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, quen con data 25 de setembro de 2008, que desestima dito recurso de suplicación.*

*Con data 25 de novembro remítese auto polo Xulgado do Social Nº 2 de Vigo, polo que se comunica o acuse de recibo dos autos remitidos polo Tribunal Superior de Xustiza con testemuña da resolución dictada pola Sala e conforme o disposto polo Tribunal superior, se acorda poñer en coñecemento das partes a chegada dos autos; declarando extinguida a relación laboral entre as partes, xa que no momento procesal oportuno, a demandada optou pola indemnización e arquivo das actuacións.*

*Posteriormente con data 17 de decembro 2009 recíbese no Concello auto do dito Xulgado datado o 10 de decembro de 2009, polo que se require ao Concello para que de forma inmediata proceda a dar cumprimento á execución 240/09*

*Po, o Xulgado do Social nº 1 dicta auto polo que se require ao Concello de Vigo o cumprimento da sentenza nos seus propios termos, dando cumprimento á execución 153/2009.*

*Polo que efectuados os cálculos os interesados deberán percibir as seguintes cantidades:*

	<i>Indemnización</i>	<i>Salarios Tramitación</i>
<i>Jose Antonio Muiños Acuña</i>	<i>9.422,25 €</i>	<i>6.305,88 €</i>
<i>Susana González Torres</i>	<i>19.525,00 €</i>	<i>6.305,88 €</i>
<i>Ana Mª Mouriz Martínez</i>	<i>20.268,23 €</i>	<i>6.545,75 €</i>
<i>Francisco Martín Martínez</i>	<i>9.422,25 € €</i>	<i>6.305,88 €</i>

*Asímesmo, instrumentouse a correspondente modificación de crédito para incrementar a partida correspondente a “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, aprobada definitivamente e publicada no BOP de 22 de setembro de 2009.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.*

*En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á*

*Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.*

*II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".*

*III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008*

*IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.*

*Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento a execución 240/09, nos autos seguidos a instancia de D. José Antonio Muiños Acuña, D<sup>a</sup> Susana González Torres, D. Juan Francisco Martín Martínez e D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Mouriz Martínez, en relación coa sentenza 231/2008 do Xulgado do Social nº 2 dos de Vigo e sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 25 de setembro de 2008.*

*SEGUNDO.- Ordear que se proceda ao abono da contía de 102.101,12 € con cargo á partida 1210.1410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, co seguinte desglose 58.637,73 € en concepto de indemnización, 25.463,39 € en concepto de salarios de tramitación e 18.000 € de intereses e gastos, na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1871 30 0000000000 co concepto: 3627-0000-64-024009.*

*TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social, deberá procederse no momento que se realice a correspondente liquidación anual de cotizacións, co estar integrados no sistema de RED, da contía en concepto de cotización á seguridade social por un importe total de 12.148,56 € e pola Intervención Xeral a liquidación de IRPF, por importe de 4.859,43 €.*

*Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referi-*

do procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo Promoción Económica e Emprego e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social ) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(2005).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 1782/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 23 de decembro, de acordo co informe-proposta de data 29 do mesmo mes emitido polo xefe da oficina de Contratación, coa conformidade do concelleiro delegado, no que figura o selo de fiscalización conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Modificar o contrato da prestación do servizo de atención telefónica do Concello de Vigo a través do teléfono 010 subscrito coa empresa “Outsourcing Singo Servicios Integrales Grupo Norte S.L” no sentido de incrementar o número de horas de prestación de acordo co seguinte cadro:

<i>Categoría</i>	<i>Horas semanais actuais</i>	<i>Horas semanais propostas</i>
1 - Teleoperadora de apoio administrativo	25	39
2 - Teleoperadoras	30	34
1 – Teleoperadora	29	34
1 – Teleoperadora	25	29
1 – Teleoperadora	24	29

<u>Categoría</u>	<u>Nova categoría</u>
Coordinadora	Responsable servizo

2º.- O custo da modificación do contrato, segundo informe do xefe de Participación Cidadá é de 2.793,80 euros/mes, do que resulta a cantidade de 5.587,60 euros para o período

comprendido entre o día 01.01.2010 é 28.02.2010 que poden imputarse á partida 4631.227.06.00.

3º- Previamente á formalización da modificación do contrato, “Outsourcing Singo Servicios Integrales Grupo Norte S.L” terá que constituír unha garantía definitiva por importe de 240,85 euros.

**39(2006).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE SAN MIGUEL DE OIA, PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN PARA OBRAS DE MELLORA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN MIGUEL DE OIA. EXPTE. 8926/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.12.09, o informe de fiscalización do 22.12.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.12.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes e a entidade deportiva Club de Fútbol San Miguel de Oia, para subvencionar as obras de reforma do campo de fútbol de San Miguel.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 195.000 €. a favor da entidade Club de fútbol San Miguel de Oia, co CIF: G-36743433, con enderezo social no Camiño da Pirucha, s/n, 36390 San Miguel de Oia - Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0097.41.0040007159.. Este crédito e con cargo á partida 4521.780.00.00 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL DE OIA PARA A SUBVENCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO CAMPO DE FUTBOL DE SAN MIGUEL.**

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil nove*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*



*Doutra parte, don José Rafael Carneiro Álvarez como presidente do Club de Fútbol San Miguel de Oia, CIF nº G-36.743.433 e enderezo social no Camiño da Pirucha s/n 36390 San Miguel De Oia – Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación que se xunta no presente expediente.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### **MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Club de Fútbol San Miguel de Oia, ten cedido para o uso e disfrute o campo de deportes propiedade da Sociedade Deportiva Cultural de San Miguel de Oia.*

*A cesión de uso data de 1957 e actualmente ten unha vixencia, segundo a documentación que se xunta, ata o 1 de abril de 2019. Na cesión de uso, autorízase a realización de calquera tipo de obra de mellora, reparación e mantemento do campo co fin de dotalo de melloras para a practica deportiva.*

*A actividade do Club de fútbol San Miguel de Oia supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade con mais de 200 deportistas en diversas categorías.*

*Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica das actividades deportivas dos diversos clubs da cidade.*
- Colaborar na consolidación dunha rede de infraestruturas deportivas aberta a participación do maior número de entidades deportivas.*
- Optimizar os recursos das infraestruturas deportivas existentes na cidade, mellorando as condicións e a capacidade das mesmas.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.780.00.00 “Mellora Campo de fútbol San Miguel de Oia” prevé nominativamente crédito adecuado e suficiente para o obxecto deste convenio.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes,*

conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos proxectos de reforma e mellora do Campo de fútbol de San Miguel.

V.- Que a entidade Club de fútbol San Miguel de Oia (G-36743433) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran anexas os presente expediente.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa esta actuación, o Concello de Vigo e a entidade deportiva Club de fútbol San Miguel conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Club de fútbol San Miguel de Oia (G-36743433) comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en todos os aspectos da modalidade específica deste club.

3º.-Participar cos deportistas da entidade nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolva o club no campo de futbol de San Miguel, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concelleria de deportes do Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellaría de Deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club de fútbol San Miguel de Oia (G-36743433) na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos dos equipos do Club na cidade de Vigo.

2º.- Conceder directamente á entidade Club de fútbol San Miguel de Oia (G-36743433) unha subvención por importe de 195.000 € con cargo á partida orzamentaria 4521.780.00.00 “Mellora campo de fútbol de San Miguel de Oia”, do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar ao financiamento do desenvolvemento dos proxectos presentados.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a totalidade do obxecto da subvención.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo no propio campo de fútbol, a través de cartelería elaborada ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- *As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*
- *Se a beneficiaria solicitará a devolución do orixinal presentado, a area xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Atendendo que a finalidade da subvención está referida a execución dunha obra, o beneficiaria está autorizada a subscrición da subcontratación da obra obxecto deste convenio para o cal deberá solicitar como mínimo 3 ofertas, xustificando a elección da oferta aceptada, e formalizará o contrato que se subscriba por escrito.*

*En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas cos criterios establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*

*Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**40(2007).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á RP3 ASOCIACIÓN DEPORTIVA CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA IV SUBIDA AO CASTRO. EXPTE. 9166/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 21.12.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 4.000 EUROS, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a RP3 Asociación Deportiva, para responder dos danos posibles no Monte do Castro pola celebración do IV Subida ao Castro, o 12 de decembro de 2009, xa que non houbo danos no espazo utilizado.

**41(2008).- VALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA POLO SERVIZO DE MANTEMENTO DE TÚNELES. EXPTE. 13293/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.09, e de acordo co informe proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 21.12.09, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de decembro de 2009, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

**42(2009).- VALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE LINORSA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBSTITUCIÓN DE PORTERÍAS. EXPTE. 11277/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.12.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 22.12.09, conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 11.545,75 € a favor da empresa LINORSA. co CIF A-36621464 pola prestación DE SERVIZOS DE SUBSTITUCIÓN DE PORTERÍAS realizados entre os meses de marzo a xuño de 2009 nos colexios pú-

blicos Párroco D. Camilo, Frián-Teis, Pombal, Pintor Laxeiro, Villa Laura e Valadares-Sobreira.

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida e bolsa de vinculación orzamentaria 422 0 227 06 10 estudos e traballos técnicos do vixente presuposto de 2009.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nen limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**43(2010).- VALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE SERYGES S.L. POLA PRESTACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA XESTIÓN E CONTROL DO MANTEMENTO CORRECTIVO E PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN, DEPÓSITOS DE PROPANO, GAS E REDE ELÉCTRICA DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA. EXPTE. 11259/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.12.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 22.12.09, conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 12.291,06 € a favor da empresa SERYGES, S.L.. co CIF B-36813970 pola prestación da asistencia técnica para xestión e control do mantemento correctivo e preventivo das instalacións de calefacción, depósitos de propano, gas, rede eléctrica e aforro enerxético dos centros públicos de educación infantil e primaria e de escolas municipais durante o período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de decembro de 2009.

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida e bolsa de vinculación orzamentaria 422 0 227 06 10 estudos e traballos técnicos do vixente presuposto de 2009.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nen limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**44(2011).- AUTORIZACIÓN DO PAGAMENTO DE DIETAS POR ASISTENCIAS ÓS CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 11299/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 23.12.09, conformado polo xefe do Servizo e pola concelleira-delegada da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 2.399,04.-€ (DOUS MIL TRESCENTOS NOVENTA E NOVE CON CATRO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO B

(22/09/09 – 15/12/09) .....21 X 39,78.-€ ..... 835,38.-€

Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C

(08/09/09 – 26/10/09) .....12 X 36,72.-€ ..... 440,64.-€

Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C

(07/09/09 – 26/11/09) .....10 X 36,72.-€ ..... 367,20.-€

Zona 5.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A

(07/09/09 – 22/12/09) .....19 X 39,78.-€ ..... 755,82.-€

**45(2012).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO POLA CELEBRACIÓN DO IX MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO. EXPTE. 9173/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 21.12.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 1.500 EUROS, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a Agrupación Viguesa de Atletismo, para responder dos danos posibles no parque de castrelos, pola celebración do IX MEMORIAL ANDRES ABANQUEIRO”, xa que non houbo danos no espazo utilizado.

**46(2013).- PROXECTO DE REFORMA DE VESTIARIOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE ZAMÁNS. EXPTE. 9229/333.**



A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.12.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o Proxecto de Reforma de vestiarios nas instalacións deportivas de Zamáns, cun orzamento de contrata de 25000 €.
- 2º.- Nomear responsable do proxecto a José Angel Otero Lamas, director deportivo do IMD
- 3º.- Designar aos arquitectos D. Santiago González e D. Miguel Porras, de Naos 04 Arquitectos coma directores de execución das obras.
- 4º.- Designar a D. Javier Fafián Mosquera, arquitecto técnico, coma coordinador de seguridade e saúde.
- 5º. -Encargar a supervisión técnica municipal dos traballos aos arquitectos D. Juan Piñeiro e D. David Carvajal.

**47(2014).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 38732/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.12.09, o informe de fiscalización, do 23.12.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 27.11.09, a Xunta de Goberno acorda:

- 1º.- Modificar o contrato de prestación dos servizos de axuda no fogar do Concello de vigo, adxudicado á empresa CLECE S.A., por acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de maio de 2009, por aumento do número de horas de prestación do servizo para o periodo xuño a decembro de 2009.
- 2º.- O importe da modificación é de 450.000,00 €, que poderán ser imputadas a partida 3130.227.06.01 do vixente presuposto.
- 3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato CLECE S.A. deberá constituir garantía definitiva por importe de 22.500,00 €.

**48(2015).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.